



PROPOSICIÓN PARA ADOPTAR MEDIDAS NA PROCURA DE ATALLAR A PROLIFERACIÓN DE PUNTOS DE VERTIDOS INCONTROLADOS NO TERMO MUNICIPAL

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais do pasado ano, concretamente no Pleno do mes de decembro, o Grupo Municipal Popular presentou unha iniciativa que foi aprobada por unanimidade de todos os grupos, incluíndo o do propio Goberno, para proceder á retirada e traballar na prevención dos vertidos incontrolados que aínda proliferan no termo municipal.


A pesar de ter transcorrido máis de medio ano, e da doada adopción dalgunha das medidas que se propoñían, observamos que pouco ou nada se ten feito ao respecto por parte do Goberno.

Un simple percorrido polos distintos puntos aos que faciamos mención na anterior iniciativa confirma que a situación apenas ten mudado e mesmo nalgúns casos teñen empeorado, circunstancia que motiva a presentación desta proposición coa intención de reiterar a preocupación e a necesidade de adoptar de forma decidida accións para tratar de atallar esta lacra que a todos e a todas nos ten que preocupar.

Nos lugares que se citaban hai preto de oito meses seguen existindo vertidos incontrolados a día de hoxe, como é o caso do camiño pola traseira do Mercado de Amio –cheo de lixo de moi distinta natureza-, o acceso ao depósito do Tambre no lugar do Son de Arriba e a Granxa de San Lázaro –ambos con materiais de obra- ou as inmediacións do acceso ao Monte Pedroso, onde foron retiradas as neveiras das que demos conta a finais de ano, pero agora hai restos de pezas de baño e outros refugallos. Mención especial merece o acceso ao clausurado vertedoiro de Aríns, preto do lugar de Fornás, onde nestes últimos meses se forzou o seu cerramento principal, para permitir o acceso de vehículos ao interior, podendo constatarse un incipiente depósito de materiais diversos nalgunhas zona da súa extensa superficie.

Somos conscientes de que a loita contra as actitudes incívicas asentadas nalgunhas persoas non é doada, que se trata dunha carreira de fondo, na que xogan un papel destacado, máis que as medidas coercitivas ou represivas, os labores de información e de concienciación da poboación sobre os riscos que para o ambiente e para a saúde teñen determinados comportamentos.

Por iso mesmo, nos sorprende a pasividade do Goberno local á hora de afrontar coa necesaria dilixencia e dedicación un asunto de tanta transcendencia, facendo oídos xordos e pechando os ollos, non só aos acordos que se adoptan co apoio da totalidade dos membros da Corporación, senón tamén aos importantes problemas que ten o Concello. E este é un deles.



Pola información que dispoñemos, o Concello non cumpriu practicamente ningún dos acordos adoptados e, se algo fixo, non o deu a coñecer, co que tería perdido unha boa oportunidade para divulgar o seu traballo e para poñer de manifesto a preocupante realidade dos vertedoiros incontrolados.

Aínda que detectamos algunha actuación puntual dos servizos de limpeza, non temos constancia de que se acometera unha campaña específica de detección e eliminación de vertidos, así como a recuperación de terreos afectados, tal e como se acordara.

Tampouco percibimos nova sinalización e información expresa sobre a prohibición, alternativas e consecuencias dos vertidos nos lugares que continúan a rexistrar aportes de refugallos, nin ningunha referencia destacada na páxina web municipal. Non parece tampouco que se teña ordenado unha vixilancia frecuente destes lugares –a proba máis evidente é o clausurado vertedoiro de Aríns, onde se advirte que a apertura do seu acceso non é cuestión de semanas- nin nos consta ningunha solicitude da Administración local dirixida ao SEPRONA para que intensifique a colaboración nesta materia.

En definitiva, consideramos que é preciso insistir na necesidade de actuar canto antes sobre este grave problema, polo que formulamos a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a:

- 1. Poñer en marcha canto antes as medidas acordadas en relación coa retirada e prevención de vertidos incontrolados ao longo do termo municipal, tal e como se aprobou no Pleno do 7 de decembro de 2015, dando cumprida información pública das actuacións acometidas nos distintos lugares, coa finalidade de acrecentar a concienciación cidadá sobre este grave problema para o ambiente e a saúde das persoas.***
- 2. Proceder coa maior urxencia posible a evitar o acceso principal do vertedoiro clausurado de Aríns, revisando a situación do peche perimetral e implementando novas medidas de reforzo que eviten a súa utilización como depósito de refugallos.***

Santiago de Compostela, a 7 de xullo de 2016.


Asdo. Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela